



A Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 25 de xuño de 2018, á vista das avaliacións achegadas polas Comisións de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

DALVABANCINA

nas seguintes indicacións:

- No tratamento de infeccións de pel e partes brandas por microorganismos susceptibles a dalvabancina, cando outras opcións terapéuticas estean desaconselladas ou contraindicadas.
- No tratamento prolongado de infeccións producidas por microorganismos susceptibles a dalvabancina en pacientes con posibilidades de manexo extrahospitalario, cando o balance beneficio/risco é rentable e outras opcións terapéuticas estean desaconselladas ou non sexan aplicables (tratamento por vía oral ou administración parenteral por hospitalización a domicilio).

É recomendable que a valoración do inicio destes antimicrobianos e o manexo dos pacientes que os reciben estea supervisado por equipos multidisciplinares hospitalarios de expertos en enfermidades infecciosas, microbioloxía clínica e terapéutica antimicrobiana (PROA).

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018

O presidente da Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica


Jorge Abad Vinas

Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde